

Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

E-mail:

CIF: P1506900H



concello@ponteceso.net

REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

BANDO

O término municipal de Ponteceso está considerado como zona de alto risco de incendios forestais. A Consellería de Medio Rural publicou no Diario Oficial de Galicia núm. 87, do 7 de maio de 2018, a Instrucción 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas.

Consonte ao disposto na Lei 3/2007, de Prevención e Defensa contra os incendios Forestais de Galicia, as persoas responsables dos terreos ubicados en solo urbano, urbanizable ou núcleo rural, así como colindantes coas vías públicas e camiños municipais, deberán acometer a xestión da biomasa establecidos para cada clase de terreo, en todo caso, **antes do 31 de maio de cada ano.**

FAISE SABER ás persoas responsables dos terreos as súas obrigas legais:

- a) Obriga de xestión da biomasa vexetal e de retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia:
 - 1º.- Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, nunha franxa perimetral de 50 metros..
 - 2º- Arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, címpings, gasolineiras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.
 - 3º.- Arredor das edificación illadas en sólo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.
 - 4º.- Na totalidade da superficie das infraestructuras de uso público ou áreas recreatrivas, así como nunha franxa perimetral de 50 metros.
- b) Obriga de xestión da biomasa vexetal, tanto o estrato arbustivo como subarbustivo, nos terreos colindantes coas vías e camiños forestais de titularidade municipal, nunha franxa de 2 metros dende a arista exterior da vía ou camiño.
- c) Obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, nunha faixa perimetral de 50 metros arredor das novas instalación destinadas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais e as vivendas vinculadas a estas, así como as novas urbanizacións e edificacións que afecten zonas de monte ou de influencia forestal, non teñan continuidade immediata coa trama urbana e que sexan estremeiras con monte ou con zonas de influencia forestal.

Os incumplimentos darán lugar á instrución do correspondente expediente, que poderá levar consigo a execución subsidiaria con cargo ás persoas responsables e á imposición das sancións que legalmente correspondan.

Rógase a colaboración de todas as persoas responsables para que acometan os traballos de xestión da biomasa dentro do prazo legal.

Pontevedra, 11 de maio de 2018.
O alcalde

Xosé Lois García Carballido.

